

BANDO

AMPLIACIÓN E NOVA INSTALACIÓN DE TERRAZAS POR PARTE DOS ESTABLECEMENTOS DE HOSTALARIA DA CIDADE DE LUGO

En virtude do disposto polo real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declarou o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo Covid-19, ante as recentes medidas postas en marcha polo Goberno central, iniciando a relaxación dalgunhas das medidas adoptadas no seu momento e co obxecto de garantir o cumprimento da regulación emanada do Ministerio de Sanidade, tralo acordado nas sesións da Comisión municipal de Tráfico do 8 de maio e 20 de maio de 2020, procédese, mediante o presente bando extraordinario a

Primeiro.- Ofrecer aos titulares dos establecementos de hostalaría situados na cidade de Lugo a posibilidade de incrementar a superficie destinada a terraza ou a instalar a mesma para o que poderán facer uso do espazo público existente nos termos seguintes.

- 1.- O derivado do corte ao tráfico rodado da rúa Mallorca
- 2.- O derivado do corte ao tráfico rodado da rúa Recatelo, carril dos Loureiros, rúa Isaac Díaz Pardo, rúa Vila de Sarria e rúa Avelino Pousa Antelo.
- 3.- O espazo público existente na totalidade das prazas e vías públicas actualmente destinadas a uso peonil.
Na praza de Augas Férreas poderá facerse uso do espazo da propia praza, quedando para un uso exclusivamente peonil e libre de terrazas o derivado do corte ao tráfico rodado da vía na intersección coas rúas Cánovas del Castillo e Rafael Dieste e na intersección coa rúa Vázquez Seijas coa rua praza Augas Férreas.
- 4.- O espazo público das beirarrúas ou, alternativamente, o dedicado ao estacionamento de vehículos, unicamente na marxe da vía lindeira coa beirarrúa na que se atope a fachada do establecemento e por unha distancia, nun e noutro caso, que non supere a lonxitude desta última.

Segundo.- En todo caso deberanse adoptar as medidas de delimitación do espazo ocupado que garantan a seguridade dos usuarios e viandantes e as medidas necesarias de accesibilidade e non será necesario máis trámite que a comunicación ao Concello de Lugo da ampliación ou instalación da terraza, xunto coa fotografía da fachada do establecemento ou do espazo ocupado debidamente delimitado e xustificante do pagamento do último recibo do seguro de responsabilidade civil obrigatorio.



Concello de Lugo

Terceiro.- Esta medida de urxencia, excepcional e temporal publicarase no Taboleiro de Edictos e no Boletín oficial da provincia e terá vixencia dende o día 23 de maio de 2020 ata o 31 de agosto de 2020, ambos inclusive.

Lugo, 20 de maio de 2020
A Alcaldesa

Lara Méndez López